

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SEIS TRABALLADORES PARA O SERVIZO DE LIMPEZA

Mediante resolución do día de hoxe acordouse a oferta de seis postos de traballo para o SERVIZO DE LIMPEZA MUNICIPAL, así como a aprobación das presentes bases para a contratación dese persoal. Os criterios para a **contratación laboral temporal** de seis candidatos/as con estudos primarios para levar a cabo esas tarefas coa categoría de peóns, son os que seguen:

PRIMEIRO.- O obxecto das presentes bases é proceder á selección para a **contratación laboral temporal** de seis persoas para levar a cabo **os seguintes traballos e coas seguintes categorías e xornadas:**

Seis peóns	Cinco horas diarias	Do 01/03/10 ó 31/12/10
------------	---------------------	------------------------

SEGUNDO.- O contrato terá como duración máxima a de dez meses E desenvolverase a tempo parcial, en xornada preferiblemente de mañá, probablemente, de 8:00 a 13:00 horas. A modalidade contractual será a de contrato laboral de duración determinada, regulada no artigo 15.1 a) do Estatuto dos Traballadores.

TERCEIRO.- O sistema selectivo escollido será o de **concurso-oposición**, de conformidade co establecido no artigo 2 do real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, sendo neste caso en base á natureza das prazas. Estarase, así mesmo, ó previsto a este respecto no artigo 61 del EBEP.

CUARTO.- Os solicitantes deberán reunir, na data de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- A) Ter a nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- B) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación forzosa.
- C) Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- D) Posuír o **certificado de escolaridade ou equivalente**.
- E) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

QUINTO.- En canto á forma e prazo de presentación de solicitudes, procederase á súa publicación no taboleiro de edictos do concello e na páxina web do mesmo (www.concellodorosal.es), abríndose o **prazo de presentación de solicitudes** para tomar parte no proceso de selección durante os **7 días naturais a partir do seguinte ó da publicación da presente convocatoria, ou do anuncio referente á mesma, no Boletín Oficial da Provincia**. As instancias dirixiranse ó Sr. Alcalde-presidente do concello do Rosal, e se presentarán no Rexistro de entrada do concello no prazo indicado.

En relación coa presentación, haberá que estar ó disposto no artigo 38.4 de la Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Cando as solicitudes se presenten por correo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o remitente deberá de comunicalo por fax ou telegrama ó concello do Rosal, o mesmo día no que a presente. Destes xustificantes deixarase constancia no Rexistro Municipal.

A solicitude, que se realizará no modelo xeral do concello, deberá ir acompañada por:

- Fotocopia compulsada do DNI ou, no seu caso, pasaporte.
- Declaración xurada relativa ós apartados C) e E) do punto cuarto.
- Documentos acreditativos dos méritos e circunstancias alegados debidamente compulsados: titulación esixida, cursos realizados, informe do tempo de paro, informe da vida laboral, contratos, certificado de convivencia, certificado de minusvalía, de se-lo caso, etc.

A experiencia acreditarase mediante certificación expedida pola Administración correspondente na que se faga constar a duración dos servizos, escala, subescala, grupo e/ou categoría e nome do posto de traballo e as tarefas desenvolvidas, ou mediante informe de vida laboral e os contratos debidamente asinados.

Con posterioridade, dictarase unha resolución na que se admitirá ós/ás candidatos/as que presentasen a documentación anterior correctamente e se excluírá provisionalmente ós/ás candidatos que non o fixeran, concedéndoselles un prazo doutros **cinco días naturais para subsanar** os erros ou defectos que houbera. Posteriormente, elaborarse una nova lista cos definitivamente admitidos/as e excluídos/as.

SÉXTO.- O procedemento de selección será o seguinte:

A selección realizarase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de *igualdade, mérito, capacidade e publicidade*, promovendo a selección entre os/as candidatos/as que cumpran as condicións esixidas na presente convocatoria.

O Tribunal, formado polos seguintes membros, procederá a efectuar a selección tras baremar os méritos que máis abaixo se indican.

- Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do concello ou doutra Administración Pública.

- Vogais: dous funcionarios/as ou contratados/as laborais fixos do concello ou doutra Administración Pública, que se determinarán no seu momento.

- Secretario/a: a da Corporación ou funcionario/a en quen delegue, que actuará con voz pero sen voto.

Reunido o mesmo, procederase á valoración dos **méritos**, de acordo co seguinte baremo:

- Por mes completo traballado en calquera administración pública en *tarefas idénticas ou similares* ás que se van a desempeñar na mesma categoría de peón: 0,2 puntos, ata un máximo de 3 puntos.
- Por mes completo de traballo na empresa privada, en *tarefas idénticas ou semellantes* ó obxecto do contrato na mesma categoría de peón: 0,1 punto, ata un máximo de 1 punto.
- Por cada curso de formación ou perfeccionamento impartido polas Administracións Públicas, Universidades, INEM, Formación Continua da AFCA (Acordo de Formación Continua das Administracións Públicas), ou Formación Ocupacional *relacionados coas funcións a desempeñar*:
 - De 10 a 39 horas, 0,25 puntos por curso.
 - De 40 a 74 horas, 0,50 puntos por curso.
 - De máis de 75 horas, 0,75 puntos por curso.A puntuación máxima por este apartado será de 2 puntos.
- Por coñecemento do idioma galego: 0,5 puntos polo curso de iniciación e 1 punto polo de perfeccionamento, sendo a puntuación máxima 1 punto. Só se puntuará o nivel máis alto acreditado e só se dará validez ós cursos ou titulacións expedidas ou homologadas polos organismos correspondentes da Xunta de Galicia. A estes efectos estarase, ademais, ó previsto na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA).

A puntuación máxima nesta fase non poderá exceder de 7 puntos.

A continuación levarase a cabo a fase de oposición, que consistirá nunha **proba práctica** tendente a acreditar diante do tribunal o nivel de coñecemento xeral dos/as aspirantes en relación co seu posto de traballo. Esta fase será cualificada de 0 a 10 puntos.

No suposto de *empate entre candidatos/as*, será escollido/a o/a candidato/a que mellor puntuación obteña na fase de oposición.

SÉTIMO.- Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ó Sr. Alcalde para a súa contratación á persoa que encabece a relación do proceso selectivo. Previamente á sinatura do



CONCELLO
DO ROSAL
(Pontevedra)

contrato, os/as candidatos/as seleccionados/as deberán achegar ó Departamento de Persoal un *certificado médico oficial* acreditativo da súa capacidade funcional actual para o posto concreto.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

OITAVO.- En todo o non previsto por estas Bases, os contratos rexeranse polo disposto na lexislación reguladora de contratos de obra ou servizo determinado de interese xeral, así como pola resolución da concesión da subvención.. Así mesmo, será de aplicación o Estatuto dos Traballadore. e a normativa do Estatuto Básico do Empregado Público que, como persoal laboral, lles sexa de aplicación.

O Rosal, 15 de xaneiro de 2010
O ALCALDE

Asdo.: Jesús M^a Fernández Portela